

XORNADA ATLETISMO DEPUTACIÓN DE LUGO CATEGORÍAS MENORES

24 de FEBREIRO do 2024

A Delegación da FGA en Lugo **co patrocinio da Deputación de Lugo**, organiza a XORNADA ATLETISMO DEPUTACIÓN DE LUGO, o **SÁBADO 24 de FEBREIRO de 2024**, en xornada de mañá e tarde no módulo cuberto e na pista ao aire libre do **Estadio Gregorio Pérez Rivera**.

REGULAMENTO

Art 1. Poderán participar todos os atletas que cumpran as seguintes condicións:

- Atletas **Sub 10, Sub 12 e Sub 14** conlicenza en vigor pola FGA.

Art 2. As inscricións faranse a través do sistema online da RFEA (isis.rfea.es/sirfea2/) **ata as 22:00 horas do martes anterior** á celebración das probas. **Non se admitirán inscricións fóra de prazo. Publicándose o listado de admitidos o mércores ás 14:00h e tendo de prazo para comunicar baixas ata o xoves ás 18:00h.**

Art 3.

HORARIO PROVISIONAL

HOMES	HORA	MULLERES
MAÑÁ		
LONXITUDE (SUB 14)	10:00	PESO (SUB 14)
PERTIGA (SUB 14)	10:30	PERTIGA (SUB 14)
PESO (SUB 14)	11:00	LONXITUDE (SUB 14)
LONXITUDE (SUB 10)	12:00	PESO (SUB 10)
ALTURA (SUB 10)		ALTURA (SUB 10)
PESO (SUB 10)	13:00	LONXITUDE (SUB 10)
TARDE		
500ML (SUB 14)	16:00	ALTURA (SUB 14)
TRIPLE SALTO (SUB 14)	16:10	500ML (SUB 14)
500ML (SUB 12)	16:20	
	16:30	500ML (SUB 12)
500ML (SUB 10)	16:40	
	16:50	500ML (SUB 10)
1000ML (SUB 14) manual	17:00	TRIPLE SALTO (SUB 14)
ALTURA (SUB 14)	17:10	1000ML (SUB 14) manual
1000ML (SUB 12) manual	17:20	
	17:30	1000ML (SUB 12) manual
1000ML (SUB 10) manual	17:40	
60ML (SUB 14)		
	17:50	1000ML (SUB 10) manual
LONXITUDE (SUB 12)	18:00	PESO (SUB 12)
		ALTURA (SUB 12)
	18:05	60ML (SUB 14)
60ML (SUB 12)	18:40	
ALTURA (SUB 12)	19:00	60ML (SUB 12)
PESO (SUB 12)	19:10	LONXITUDE (SUB 12)
50ML (SUB 10)	19:20	
	19:40	50ML (SUB 10)

Art 4. PARTICIPACIÓN: Terán prioridade na inscrición os atletas da provincia de Lugo, completando o límite de participación cos demais atletas. **Establécese ademais un límite de participación de 2 probas para os atletas Sub 10 e Sub 12 e de 3 probas para os Sub 14, só podendo ser unha delas un concurso.**

Art 5. Os atletas retirarán o seu dorsal na zona habilitada ata 60' antes da celebración da proba. Os atletas deberán empregar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible, en toda a superficie. O incumprimento desta norma será motivo de descalificación.

Art 6. Nas probas de carreiras indicárase a mellor marca. Aqueles atletas que non indiquen mellor marca serán incluídos aleatoriamente no resto das series.

Art 7. Tentativas, Cadencia e Mellora:

PROBA	Nº DE ATLETAS	CADENCIAS E TENTATIVAS
SALTO ALTURA (Masculina, femenina)	15	SUB 10-; 0,90-1,00-1,05-1,10 SUB 12 -14; 1,10-1,20-1,30-40-45-50-55-60-65-68-71
SALTO LONXITUDE	24	3 TENTATIVAS
TRIPLE SALTO	20	3 TENTATIVAS
SALTO CON PERTIGA	16	1,80 +10.....
LANZAMENTO DE PESO	20	3 TENTATIVAS

Art 8. A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu clube. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Se o/a atleta, previamente inscrito/a non participa finalmente na proba a **sanción será de 5€.**
- Todas as baixas comunicadas con posterioridade ao **xoves ás 18:00h** darán lugar á tramitación da correspondente sanción, agás no caso de lesión, enfermidade ou confinamento que deberá acreditarse co xustificante facultativo correspondente enviado ata 24h despois da celebración da proba.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6€ por atleta con datos falsos).

Art 9. O **acceso ao módulo cuberto será restrinxido**, os adestradores que queiran acceder deberán cubrir o seguinte **formulario**.

Art 10. Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo ás normas da FGA, RFEA e WA

En Lugo, a 13 de febreiro de 2024

O Delegado en Lugo da FGA